

## Valentín Peña, unha voz contra a inxustiza

Ramón Jáudenes Peña  
Xosé Álvarez Castro.

O societarismo agrario galego xorde a finais do século XIX e vai ser na zona de Pontevedra, máis concretamente na parroquia de Léz, onde se funde a primeira sociedade de agricultores galega da que se ten noticia, no ano 1896.

Na súa creación ten un papel fundamental a figura de **Valentín Peña Meléndez**, verdadeiro motor da eclosión destes primeiros pasos do agrarismo pontevedrés. De Valentín Peña, nacido no ano 1851 en Santo Tomé de Piñeiro (Cambados), temos novas da súa presenza en Santiago de Compostela sendo fundador, xunto co seu irmán José, do xornal *El Ciclón* (*Periódico satírico. Sopla los sábados*).



Retrato de Brañas, por José Peña

**José Peña**, poeta e debuxante excepcional foi o seu primeiro director e colabora en varias publicacións, sendo notables os seus retratos, como o que lle realiza a Eduardo Vincenti, deputado liberal, xenro de Montero Ríos, xunto cos publicados no Boletín da Sociedade Económica de Amigos del País, entidade esta na que os irmáns Peña tiñan notable presenza e cuxo ideario influíu fortemente neles: importancia do ensino, protección social, cuestións relacionadas co agro... José Peña tamén foi profesor de debuxo na academia de señoritas preparatoria para o ingreso na carreira de maxisterio, na escola de debuxo da Sociedade Económica de Amigos do País e inaugurou a súa propia academia o 1 de novembro de 1885. Unha mostra da súa poesía pode ser a seguinte composición que, baixo o título de "En un Álbum", adica a Manola López de Pardo con motivo da acollida que lle dera ao político Castelar na súa visita a Betanzos:

Señora: para alabar  
vuestra virtud y talento  
basta el hospedaje atento  
que disteis a Castelar.  
Mucho honrará vuestro hogar  
tan grata hospitalidad,  
pues en gran fraternidad  
se vieron por vuestra gracia  
unidas la Democracia  
el Genio y la Libertad.<sup>(1)</sup>

O propio **Valentín Peña**, no número conmemorativo do cen aniversario da Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago, escribe un artigo co título de "Pequeña digresión" no que gaba a política económica e reformadora do rei Carlos III e o seu papel como impulsor destas sociedades e no que xa se adivinaba unha afinidade por certos postulados liberais ós que se adscribiría tempos despois: *A Carlos III se deben la reforma*

de aranceles y aduanas, las leyes de desamortización, la creación de instituciones de crédito y otras notables reformas que le inmortalizaron en la historia. [...] Cierto es que la Sociedad Económica nació al impulso de la escuela liberal aplicada a las artes y a las industrias, y por eso resulta evidente, hoy que los principios de esta escuela se apoderan de todas las esferas del orden social, que los horizontes de tan benemérita Corporación se extienden más y más dejando entrever en lo porvenir colosales triunfos.<sup>(2)</sup> Tamén foi redactor de La Gaceta de Galicia e traballou en publicacións rexionalistas con Alfredo Brañas, amigo dos irmáns Peña como acredita José que, no acto de homenaxe a Brañas, comeza a súa intervención do seguinte xeito: *Compañero queridísimo de la infancia, amigo de toda la vida[...]* En medio de luchas incesantes, hemos caminado por senderos opuestos y hoy nos hemos encontrado defendiendo el mismo ideal, la misma legítima aspiración: el ideal y la aspiración de un pueblo noble y sufrido que suspira por su autonomía. [...] El regionalismo abrírase paso, porque es la verdad; abrírase paso porque es la legítima protesta del ciudadano honrado y libre contra el poder de los déspotas; abrírase paso porque con él fundan las regiones su completo bienestar.<sup>(3)</sup>

Con motivo da epidemia de cólera que causaba estragos en Pontevedra e ante a posibilidade de que afectara a Santiago, o 22 de agosto de 1885 réunese o "Comité democrático progresista y posibilista" de Santiago para prestar toda clase de socorro e auxilios a enfermos e familias e constitúen unha "junta de la caridad de los demócratas de Santiago". Nesta xunta aparece como compoñente da zona primeira Valentín Peña e na segunda José; este último tamén forma parte da comisión encargada de arbitrar recursos.<sup>(4)</sup>

En Pontevedra, Valentín Peña forma parte do grupo republicano da nosa cidade; este grupo, con compoñentes como Said Armesto, Emilio Couto, José Juncal, Emiliano Iglesias e outro agrarista de excepción como foi Severino Pérez, librepensadores, con certas conexións coa masonería e que levan a cabo un labor de axitación social a través dos seus xornais e, en competencia cos socialistas, ven no agro unha maneira de acrecentar a súa influencia política.

A campaña republicana vaise centrar na oposición ós foros, os impostos e a loita contra o caciquismo. Xornais como **El Combate** (aparece o 19-3-1899) que ten como lema: *La verdad regula la justicia y esta la libertad, la igualdad, la solidaridad y la democracia* ou, sobre todo, **Unión Republicana**, van a servir de vehículo ás ideas do republicanismo.



A imprenta de Valentín Peña, é o lugar onde se publican estes xornais e Peña vai estar presente neles como redactor ou director. Tamén publica nesta imprenta o xornal socialista **La Emancipación** boicoteado polas outras imprentas.

O que vai ter máis continuidade é Unión Republicana, pois a súa publicación abarca dende 1892 ata 1899 tendo como directores a Peña e José Juncal. Foron sonadas as súas polémicas e mesmo procesos xudiciais con **El Áncora**, periódico conservador e clerical, no que Hermenegildo Calvelo fustiga a Peña que, por certo, acollera en U.R. os seus artigos. Calvelo afirma: *"no estaba conforme con las doctrinas erróneas y heréticas que V. por desgracia, sostenía desde las columnas de Unión Republicana [...] Cuando supe que V. se había convertido, dí gracias a Dios. Conserva usted, sin embargo, y lo digo con pesar, resabios de la mala vida pasada; y lo atestiguan bien a las claras la herejía luterana que V. hizo decir a La Opinión"*<sup>(5)</sup>

No ano 1898, o cardeal José Martín de Herrera excomunga a **Unión Republicana** afirmando que os artigos deste xornal e os de **La Unión** son *"infames, abiertamente impíos, saturados de odio satánico contra el Clero y contra la divina institución del Pontificado [...] hay en ellos méritos bastantes para llevar a los Tribunales a los Directores o autores de tan desdichados engendros, si razones de prudencia no aconsejaron otra cosa [...]*

se revelan ideas naturalistas y racionalistas, y otros errores filosóficos trascendentales..."<sup>(6)</sup>  
 En consecuencia, prohíbe ós seus diocesáns que lean, escoiten ler, reteñan ou propaguen estes xornais.

A persecución eclesiástica e gubernativa leva consigo numerosas suspensións que capean con novos xornais como **La Unión**. Aínda así ten que pechar no 1899.

Valentín Peña ocupa o cargo de presidente do subcomité republicano de Lárez, preside a sociedade de agricultores da mesma parroquia e o 1 de maio de 1902 funda e dirixe o xornal **La Glosopeda**, órgano desta sociedade e que se define como "*Semanario de*

*intereses generales y defensor de las clases obreras y agrícolas*"; só se publica un número e, a estas alturas, Peña abandonara o grupo republicano e atopábase próximo ao partido liberal. Os liberais pretendían desprazar a republicanos e socialistas do movemento agrario mediante o impulso da campaña antiforal con líderes como o xa nomeado Eduardo Vincenti ou, a nivel máis local, Prudencio Landín.

Foi director tamén do xornal **La Opinión**, inspirado por Alejandro Mon para defender a política de Silvela. Ata 1912 colabora como articulista no **Diario de Pontevedra** e, ao final da súa vida, tamén escribe no xornal republicano radical **La Libertad**.

**PRECIOS DE SUSCRICION.**

En Santiago 2 reales cada mes  
Fuera 3 id. trimestre.  
Sopladura suelta 15 céntimos de peseta.  
No se sirve suscripcion alguna sin previo pago.

**CANTOS DE SUSCRICION.**

En Santiago. Igualis de Attejonám. 26  
Fuera casa de nuestros corresponsales  
Toda la correspondencia se dirigirá a Director.



**PERIÓDICO SATIRICO**

**Año III** | **SOPLA TODOS LOS SABADOS.** | **Núm 113**

Santiago 5 de Diciembre de 1885.

**SON LOS DE SIEMPRE.**

Acabamos de oirlo y no nos atrevemos a creerlo.

La cátedra nominada del Espíritu Santo, la tribuna encumbradísima desde cuyas alturas ejercen su misión de paz evangélica, de cristiana caridad los sacerdotes católicos-hase convertido una vez mas en cátedra de enseñanzas políticas, en tribuna de desordenadas y punibles pasiones de landería. Más aun: desde el púlpito de la basílica Compostelana, hanse vertido ayer frases y conceptos inconvenientes é irrespetuosos para la memoria del Rey católico difunto Alfonso XII de Borbon y para su atribulada viuda Doña María Cristina de Hapsburgo y Lorena.

Verificanse en la Metropolitana Catedral de Santiago solemnissimas exequias á que asisten devota y puntualmente el Prelado príncipe de la Iglesia Católica, el Cabildo diocesano, el Clero adscrito á la Basílica, el Ayuntamiento Constitucional, la Milicia, el Claustro Universitario, la Audiencia, y todos cuantos en fin tienen, por deber más ó ménos exigible, necesidad de asociarse al dolor oficial en momentos y en ceremonias de tal índole.

En el centro de la Catedral alzáse gigantesco catafalco que indica bien á las claras la distincion y la proopria del difunto é quien las exequias

«Cuando la religion es atacada, cuando se molesta al Clero, cuando se le sitia por hambre, cuando se desatiende el altar, es hecho alzarse con las armas en la mano»...

«Los que así procedan cumplen un deber superior á todos los deberes».

..

«Desdichada Reina gobernadora que ha cometido el error de llamar á sus consejos á hombres que han atentado contra la religion de los españoles, que han situado por hambre á los ministros del altar, QUE HAN ELEVADO Á LEY DEL PAÍS ESE NEFANDO Y ABORRIBLE CONCURSO LLAMADO MATRIMONIO CIVIL y no han dado aun la mas ligera muestra de arrepentimiento.»

..

«No he de uegar, no obstante, que los tiempos del monarca Alfonso XII, eran mejores que los que inmediatamente precedieron. Al fin yo creo que caminabamos al establecimiento de la Unidad Católica.»

..

«Pídamos fervorosamente á la divina Providencia que perdone los DELICIAS de la juventud inexperta del egregio inerte.»

..

Pedro des le las brazos de la impúdica Maria; los brazos de la juventud experta de aquel Papa Alejandro, in tratamiento de las voluptuosidades de la hija Lucrecia y juguete de los escándalos y de los crímenes de su hijo César los brazos de la profunda experiencia de aquel Papa Leon, todo paganismos todo arte puerco, to la Rencamiento.

«Bastarian todas las mocanmione todas las mulemas, todas las puntillas de que la Iglesia Católica dispone, para ser lanzados contra el pobre tubo cauloso aguantante?

Es posible y aun probable que el Sr. Magistral sea propuesto para un Mitra.

Esto es no mas que posible y probable: lo seguro y muy seguro es que los Directores y redactores de «El Porvenir», «El Progreso», «El Motin», «Las Dominicales», «Galicia Liberal católica», están por mucho menos motivo, en el destierro, en la cárcel ó en pesadilla.

Esto es hoy España.  
¿Y mañana?  
Mañana será otro día.

A. V.

**RUIZ ZORNILLA**

«El Fíguro» llegó al Inca á Madrid cuenta de la conversacion que nos dio y relatamos las noticias con el Sr. Ruiz

Ciclon

18

revista da asociación socio-cultural cedofeita

Este achegamento nos derradeiros anos aos seus antigos correligionarios republicanos, non deixa de sorprendere cando facía pouco tempo, recibiría fortes críticas do director dese xornal. Efectivamente, o 23 de maio de 1912, publicábase na primeira páxina de *La Libertad*, periódico republicano radical, dirixido por Joaquín Poza Cobas, un artigo firmado por Ninqaoj Azop (ou sexa o nome do director ao revés) no que baixo o título de "La romería del Cristo", aproveita para facer unha crónica na que se ataca duramente a destacados asistentes á mesma, repasando os seus antecedentes. Como exemplo, vexamos algúns parágrafos do mesmo: *¿Conoce usted alguno de los romeros que han de acompañar con vela la imagen?. - No conozco a ninguno pero según de público se dice, parece que por sus ideas antireligiosas causarán verdadera sensación algunos de los acompañantes. [...] debe tomar nota de aquellos señoritos que en correcta formación acompañan con vela la imagen del crucificado. El de la derecha es, según creo, un antiguo republicano, periodista y empleado de Montes [ referencia a Peña] a su lado va el director de un periódico monárquico que en sus mocedades formó parte de comités revolucionarios... E remata o artigo do seguinte xeito: y nosotros asqueados de la poca fé que los hombres tienen en sus ideales, abandonamos la fiesta entristecidos...*<sup>(7)</sup>

A súa situación económica non é moi boa e os seus amigos tentan remediala cun emprego, facilitado por Romanones, como funcionario do distrito forestal.

Na liña das correntes rexeneracionistas do momento, hai no pensamento de Peña unhas constantes ao longo de toda a súa vida pública: a defensa do asociacionismo, a importancia da educación, a postura anticaciquil... Mostra das súas ideas son diversas intervencións e artigos: nun mitin organizado pola sociedade de agricultores de Lérez e celebrado o 24 de novembro de 1901 no Circo Teatro, toma a palabra Valentín Peña para denunciar os abusos do arrendamento e o cobro de determinados impostos aconsellando non pagalos e que os notifiquen no xulgado por ilegais.

Na festa do traballo de 1902 afirma: " Cree que no basta la agremiación para triunfar sino que paralelamente a ella deben ir la educación

y la instrucción. Tenéis fuerzas bastantes-dice- para tomar las barreras enemigas pero no elementos de cultura bastantes para sosteneros en ellas y conservarlas. Pide escuelas, granjas agrícolas y Universidades industriales para ensanchar por medio del saber los horizontes del proletariado. Aconseja que en las Sociedades obreras haya libros y periódicos".<sup>(8)</sup>



EL SEÑOR  
**Don Valentín Peña Melendez**  
AUXILIAR DEL DISTRITO FORESTAL  
FALLECIO A LAS OCHO DE LA NOCHE DE AYER  
DE PUÉS DE RECIBIR LOS SANTOS SACRAMENTOS Y LA BENDICIÓN DE S. S.  
R. I. P.

*El Sr. Ingeniero Jefe del Distrito Forestal Pontevedra-Coruña; su viuda D.ª Carmen Moreira, sus hijos D. Ramón D. Edelmiro (ausentes) y D.ª María Victoria, hermana política, sobrinos y demás familia;*

Ruegan a sus amistades se dignen encomendar su alma a Dios y asistir a la conducción del cadáver al Cementerio que tendrá lugar hoy a las seis de la tarde, y a los funerales que se celebrarán en la iglesia parroquial de San Bartolomé el jueves 11 a las diez, por lo que le anticipan gracias.

No se recibe duelo ni se reparten esquelas  
Casa mortuoria: Plaza del Tesoro, 2.  
Pontevedra 9 de Septiembre de 1916.

Mesmo nos anos finais da súa vida, colabora no periódico republicano radical *La Libertad*, con denuncias de certas situacións de inxustiza e nunha liña de compromiso cos máis débiles. Así cando denuncia o fraude no peso do pan con documentados artigos como " La cuestión del pan y los panaderos"... que se dieron casos de ver en el banquillo de los acusados al que hurtó un panecillo para amortiguar el hambre, andando en cambio sueltos muchos que estuvieron vendiendo a sus anchas, por tiempo indeterminado, piezas de pan de 300 gramos, debiendo tener 400 [...] necesidad para el pobre Juan del Pueblo, que seguirá pagando pan y comiendo viento."<sup>(9)</sup>

Non falta tampouco a ironía: "Óyese decir que el Alcalde, a lo del pan, no le toca por tener amigos en el negocio, pero yo creo firmemente que esas son habladurías de los corbanófalos y que el remedio lo impondrá pronto, teniendo en cuenta que no se han conocido aquí jamás verdugos del pueblo por el procedimiento lento del hambre disfrazada".<sup>(10)</sup>

Ou sobre a Caja de Ahorros y Monte de Piedad, criticando a existencia de beneficios a costa dos altos intereses: " La única manera de que a un Monte le sienta a las mil maravillas el apellido de Piedad,

*consiste en disminuir el interés del préstamo [...] esas 12817,65 pesetas, que aparecen como beneficio en la Caja de Ahorros y Monte de Piedad, fueron dejadas allí con lágrimas en los ojos y desgarrado el corazón con las punzadas del hambre, por familias de marineros de la Moureira que carecían de medios para trabajar y de obreros a quienes no se les facilitaba ocupaciones. Luego, teniendo en cuenta que el repetido establecimiento, su misión primordial es la de apartar al que se ve en la necesidad de acudir al préstamo, de que caiga en las garras de la usurera, procede, antes que cosa alguna, rebajar los beneficios...”<sup>(11)</sup>*

Podemos comprobar así que o Valentín Peña crítico, comprometido e cun punto de ironía nos seus artigos, segue presente ata o final da súa vida, a pesar da precariedade e estreiteces da súa situación. Morre o venres, 8 de setembro de 1916. Na necrolóxica publicada en **El Progreso** cóntase que, meses antes da súa morte, paseando pola Ferrería con motivo da procesión de San Antonio, reafirmábase no seu anticaciquismo laiándose de que o seu delicado estado de saúde lle impedise colaborar na loita.

O xornal **La Correspondencia Gallega** (11-09-1916) dános conta de que o seu enterro foi unha sentida demostración de duelo presidindo o cortexo fúnebre os enxeñeiros xefes do distrito forestal e sección facultativa de Montes, señores Prieto e Sagasta, o coadxutor da parroquia de San Bartolomé don Pedro Fares e Prudencio Landín, director do Diario de Pontevedra.

E rematamos esta semblanza cun parágrafo da necrolóxica que lle adicaron os seus compañeiros do Diario de Pontevedra: *“Periodista inteligente, intencionado y batallador, hábil en la polémica, su nombre queda con aureola en la prensa gallega. Amigo bueno y cariñoso, de espíritu expansivo, tenía mucho de infantil. Acaso sus grandes generosidades y sus ilimitadas complacencias de otros tiempos, en aras de la amistad y de la política, le privaron de la dulce tranquilidad a que tenía derecho en estos últimos años, harto fríos para quien necesitaba tanto del tributo de abnegación que se debe a los ancianos y a los enfermos.*

*Nosotros lo queríamos muy bien en esta casa porque conocíamos su gran bondad de niño. Le vimos llorar muchas veces hablando de sus cosas y de las agenas (sic) Bien merece que lamentemos hondamente su muerte y que le recordemos siempre con cariño.”*

Sirva este artigo para recordar a este lerezán de adopción que, como tantos outros, sofren esa segunda morte que é o esquecemento.

- 1 El Ciclón, 12-09-1885.
- 2 El primer centenario.  
Número extraordinario de la S.E.  
de Amigos del País de Santiago. 1884.
- 3 El Alcance, 1-06-1893.
- 4 El Ciclón, 22-08-1885.
- 5 El Áncora, 29-04-1897.
- 6 El Áncora, 25-02-1897
- 7 La Libertad, 23-05-1912.
- 8 Diario de Pontevedra, 2-05-1902.
- 9 La Libertad, 1-03-1915.
- 10 La Libertad, 25-02-1915.
- 11 La Libertad, 29-04-1915.



*Casa na que viviu Valentín Peña en Lerez*